

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

13642 *Real decreto 1075/2015, do 27 de novembro, polo que se modifica o anexo II do Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración.*

O Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración, traspón ao ordenamento xurídico español a Directiva 2006/118/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa á protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración.

A entrada en vigor, o 11 de xullo de 2014, da Directiva 2014/80/UE da Comisión, do 20 de xuño de 2014, que modifica o anexo II da Directiva 2006/118/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración, exige a lóxica adaptación da lexislación española co obxecto de traspasar as modificacións introducidas na directiva citada.

Para levar a cabo esta incorporación cómpre modificar o Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, relativo á protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración, en cumprimento da obriga atribuída aos Estados membros de incorporar ao ordenamento interno as modificacións xurídicas que se van producindo no seo da Unión Europea.

Co fin de cohesitar esta modificación co resto do ordenamento de augas subterráneas, realízase un cambio puntual tanto no Regulamento da planificación hidrolóxica como na Instrución da planificación hidrolóxica.

Tendo en conta que a forma habitual do fósforo nas augas continentais é o fosfato, de cara á homoxeneidade dos datos sobre fósforo, determinouse que sexa o fosfato a substancia que hai que considerar na epígrafe B.1 do anexo II que se modifica.

A tal finalidade responde a aprobación deste real decreto que, na súa tramitación, se someteu ao informe do Consello Nacional da Auga, que o emitiu en sentido favorable, ao tempo que foron consultados os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de novembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración.*

O Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádeselle unha nova disposición derradeira, a cuarta, ao Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, e reenumérase a actual cuarta, que pasa a ser a quinta:

«Disposición derradeira cuarta. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar, logo da consulta ás comunidades autónomas, os anexos, para adaptalos ao disposto na normativa da Unión Europea e ao coñecemento científico e técnico,

así como para ditar as normas de desenvolvemento que resulten necesarias para a aplicación correcta das disposicións contidas neste real decreto».

Dous. O anexo II, parte A, punto 3, queda redactado como segue:

«3. Cando se produzan niveis elevados de referencia de substancias ou ións, ou dos seus indicadores, debidos a motivos hidroxcolóxicos naturais, á hora de establecer os valores límite teranse en conta eses niveis de referencia da masa de auga subterránea de que se trate. Ao determinar os niveis de referencia deberanse ter en conta os seguintes principios:

a) A determinación dos niveis de referencia deberase basear na caracterización das masas de auga subterráneas, de conformidade co disposto no artigo 10 do Regulamento da planificación hidrolóxica, aprobado polo Real decreto 907/2007, do 6 de xullo. A estratexia de seguimento e a interpretación dos datos deberán ter en conta que as condicións de fluxo e a química das augas subterráneas varían tanto lateral como verticalmente.

b) Cando a cantidade de datos de seguimento das augas subterráneas sexa limitada, deberanse reunir máis datos e, mentres, os niveis de referencia deberanse determinar sobre a base deses datos, de ser o caso, mediante un enfoque simplificado que utilice un subconxunto de mostras cuxos indicadores non sinalen ningunha influencia de actividade humana. Deberase ter en conta así mesmo a información sobre as transferencias e os procesos xeoquímicos, cando se dispoña dela.

c) Cando a cantidade de datos de seguimento das augas subterráneas sexa insuficiente e a información sobre as transferencias e os procesos xeoquímicos sexa escasa, deberanse reunir máis datos e información e, mentres, deberanse estimar os niveis de referencia, de ser o caso, sobre a base de resultados estatísticos de referencia para o mesmo tipo de acuíferos presentes noutras zonas, para os cales existan suficientes datos de seguimento».

Tres. Á lista de substancias contidas no anexo II, parte B, punto 1, do Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, engádense:

«Nitritos.
Fosfatos».

Catro. O anexo II, parte C do Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, substitúese polo texto seguinte:

«Parte C. Información relativa aos contaminantes e aos seus indicadores para os cales se establecesen valores límite.

Os plans hidrolóxicos de bacía presentados de conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, incluírán información sobre o modo en que se levase a cabo o procedemento descrito na parte A deste anexo e a seguinte información:

a) Número e denominación de masas ou grupos de masas de auga subterránea caracterizadas en risco de non alcanzar os obxectivos ambientais, de conformidade co artigo 10 do Regulamento da planificación hidrolóxica, e relación de contaminantes e indicadores de contaminación que contribúen á clasificación como tales das masas de auga subterránea, incluídas as concentracións ou os valores observados, en particular:

1.º Dimensións das masas.

2.º Cada contaminante ou indicador de contaminación que caracteriza as masas de auga subterránea en risco.

3.º Obxectivos de calidade ambiental cos cales o risco está relacionado, incluídas as funcións ou os usos lexítimos, reais ou potenciais, da masa de auga subterránea e relación entre as masas de auga subterránea, as augas superficiais asociadas e os ecosistemas terrestres directamente dependentes.

4.º Ao se tratar de substancias presentes de forma natural, niveis naturais de referencia nas masas de auga subterránea.

5.º Información sobre os excesos cando se superasen os valores límite.

b) Valores límite, establecidos para todo o país ou para determinadas demarcacións hidrográficas (ou as partes españolas das internacionais) ou para masas ou grupos concretos de masas de auga subterránea.

c) Relación entre os valores límite e cada un dos seguintes elementos:

1.º Ao se tratar de substancias presentes de forma natural, os niveis de referencia.

2.º As augas superficiais asociadas e os ecosistemas terrestres directamente dependentes.

3.º Os obxectivos de calidade ambiental e outras normas de protección da auga vixentes no ámbito nacional, da Unión Europea ou internacional.

4.º Calquera información relativa á toxicoloxía, ecotoxicoloxía, persistencia, potencial de bioacumulación e tendencia á dispersión dos contaminantes.

d) A metodoloxía para determinar os niveis de referencia sobre a base dos principios establecidos no punto 3 da parte A.

e) Os motivos polos que non se estableceron valores límite para ningún dos contaminantes e indicadores enumerados na parte B.

f) Os elementos clave da avaliación do estado químico das augas subterráneas, incluídos o nivel, o método e o período de agregación dos resultados do seguimento, así como a definición do grao aceptable de superación e o seu método de cálculo, de conformidade co artigo 4.2 c), primeiro inciso, e co punto 3 do anexo III.

Os plans hidrolóxicos de bacía deberán xustificar a omisión dalgún dos datos a que se refiren as alíneas a) á f)».

Disposición derradeira primeira. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto trasponse ao dereito español a Directiva 2014/80/UE da Comisión, do 20 de xuño de 2014, que modifica o anexo II da Directiva 2006/118/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración que, pola súa vez, foi trasposta ao ordenamento xurídico español mediante o Real decreto 1514/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a protección das augas subterráneas contra a contaminación e a deterioración.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 907/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de planificación hidrolóxica.*

O número 4 do artigo 10 do Regulamento de planificación hidrolóxica queda redactado como segue:

«4. Para aquelas masas de auga subterránea en risco de non alcanzar os obxectivos ambientais realizarase unha caracterización adicional que, cando proceda, incluírá a seguinte información:

a) Identificación: localización, ámbito administrativo, poboación asentada, marco xeográfico e topografía.

b) Características xeolóxicas xerais: ámbito xeoestrutural, natureza e extensión dos afloramentos permeables, columna litolóxica tipo, rangos de espesores e descrición cronoestratigráfica.

c) Características hidroxeolóxicas: límites hidroxeolóxicos da masa (tipo e sentido do fluxo), características do acuifero ou acuíferos da masa (litoloxía, xeometría, espesor), réxime hidráulico, rango de permeabilidade, transmisibilidade e de coeficiente de almacenamento.

d) Características da zona non saturada: litoloxía, rango de espesor e solos edáficos.

e) Pezometría e almacenamento: isopezas tipo correspondentes ao ano seco e ao ano húmido, sentido do fluxo e gradiente medio, estado e variación do almacenamento.

f) Inventario e descrición dos sistemas de superficie asociados, incluídos os ecosistemas terrestres e as masas de auga superficial, cos cales esta conectada dinamicamente a masa de auga subterránea, e con especificación, de ser o caso, da súa relación cos espazos incluídos no rexistro de zonas protexidas. Efectuaranse estimacións sobre direccións, taxas de intercambio de fluxos entre a masa de auga subterránea e os sistemas de superficie asociados.

g) Recarga: infiltración de chuvia, retornos de rega, achegas laterais doutras masas e recarga de ríos.

h) Recarga artificial: sistemas e instalacións, situación dos puntos da masa de auga subterránea nos cales ten lugar directamente a recarga artificial, volume e taxas de recarga neses puntos, orixe e composición química da auga de recarga e autorización administrativa.

i) Calidade química de referencia: facies hidroxeoquímicas predominantes, niveis básicos, niveis de referencia e estratificación da auga subterránea.

j) Estado químico: contaminantes detectados e valores límite.

k) Tendencias significativas e sostidas de contaminantes: definición dos puntos de partida dos investimentos».

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Instrución de planificación hidrolóxica, aprobada pola Orde ARM/2656/2008, do 10 de setembro.*

O punto 2.3.2 do capítulo 2.3 da Instrución de planificación hidrolóxica, aprobada pola Orde ARM/2656/2008, do 10 de setembro, queda redactado como segue:

«2.3.2. Caracterización:

Para cada masa de auga subterránea levarase a cabo unha caracterización inicial na cal se indicarán as características xerais dos estratos supraxacentes na zona de captación a partir da cal recibe a súa alimentación e, de ser o caso, os ecosistemas de augas superficiais ou ecosistemas terrestres directamente dependentes dela.

Para aquelas masas de auga subterránea en risco de non alcanzar os obxectivos ambientais realizarase unha caracterización adicional de acordo co artigo 10 do Regulamento de planificación hidrolóxica».

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de novembro de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente
ISABEL GARCÍA TEJERINA